

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Asociación de Altas Capacidades (ASAC)

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Dona **CARMEN POMAR TOJO**, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 96/2018, do 26 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, que modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante a Consellería).

Da outra, Dona **MARISA DEQUIDT HERRERO**, presidenta da Asociación de Altas Capacidades "ASAC", (en diante ASAC), con CIF G-15515588, con domicilio social na Rúa do Tambre 17, 15705 Santiago de Compostela, e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2012/016132-1.

EXPOÑEN



1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con altas capacidades.

Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada ao seu título II pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recoñece que: “as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional”, e, para iso, deberán asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente a ordinaria poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

3. Que Asac ven traballando dende fai anos en proxectos de innovación e mellora das actuacións educativas con rapaces e rapazas de altas capacidades, deseño de actividades e programas educativos para o desenvolvemento integral deste colectivo de nenos e nenas, actividades de enriquecemento para nenos e nenas de altas capacidades e atención/asesoramento ás súas familias.



4. Que a ASAC é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre outras as seguintes finalidades:

- a) Promover unha educación axeitada ás persoas con altas capacidades.
- b) Favorecer a formación a pais, nais, titoras, titores, educadoras, educadores e demais profesionais vinculados, para unha mellor comprensión e tratamento das persoas con altas capacidades.
- c) Potenciar as investigacións en altas capacidades.
- d) Procurar a integración das persoas con altas capacidades no seu entorno social.
- e) Promover a mellora da calidade de vida das asociadas e asociados a todos os niveis, tanto educativo, cultural, deportivo e social.
- f) Visualizar as altas capacidades como necesidade específica de apoio educativo.
- g) Sensibilizar a sociedade acerca das necesidades da poboación con altas capacidades intelectuais.

5. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con altas capacidades.

En consecuencia, a Consellería e ASAC acordan subscribir este convenio conforme as seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e ASAC nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con altas capacidades.

Segunda. *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con altas capacidades que recibe apoio de ASAC (Asociación Altas Capacidades "ASAC") de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, así como o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. *Desenvolvemento da colaboración*

1. A Consellería promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración de Asac nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende ao alumnado con altas capacidades.
2. A Consellería e ASAC colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con altas capacidades.
3. A Consellería facilitará a colaboración do persoal profesional de ASAC nos centros docentes dependentes da Consellería con escolarización de alumnado con altas capacidades.

A solicitude de colaboración do persoal profesional de ASAC debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:



a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con altas capacidades escolarizado nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, así como aos centros que escolaricen a este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.

b) Propoñer actuacións de carácter preventivo e concretas, que poderán ser levadas a cabo polo equipo docente do centro educativo, dirixidas ao alumnado con altas capacidades.

c) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas dirixidas á intervención educativa do alumnado con altas capacidades.

d) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento educativo do alumnado con altas capacidades.

Cuarta. Características da colaboración do persoal de ASAC nos centros docentes

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista de ASAC e as familias do alumnado con altas capacidades, establecerán de mutuo acordo e por escrito seguindo o establecido neste convenio, os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas en altas capacidades en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista de ASAC nos centros docentes, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender o alumnado con altas capacidades; ter cumprida a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; ter regularizada a súa situación laboral con ASAC e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.



Quinta. Financiamento

Este convenio non leva consigo apareladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal de ASAC e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

- a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
- b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.
- c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.
- d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

Oitava. Interpretación do convenio

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.



Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décima. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Undécima. *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o 1 de setembro de 2020 e durará ata finais do curso académico 2020-2021, isto é o día 31 de agosto de 2021, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima do convenio non poderá superar 4 cursos escolares.



Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN
PROFESIONAL,
A CONSELLEIRA,

Carmen Pomar Tojo

POLA ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES
DE GALICIA, ASAC GALICIA

A PRESIDENTA,

Marisa Dequidt Herrero

